



SANIDADE -VACINACIÓN-

A verdade sobre as vacinas:
¿Qué é realmente unha vacina?

Carlos Padín Cores - Biólogo.
Revisión:
Xosé Pereiro Francés.

- ¿Cómo funciona unha vacina?
- ¿As vacinas son medicamentos?
- ¿En qué se diferencian as vacinas dos antibacterianos?
- ¿En qué se diferencia unha vacina con virus vivo dunha con virus inactivo?
- Vacina con virus vivo vs. Vacina con virus inactivo.
- ¿Cómo debe procederse durante a vacinación?
- ¿É correcta a forma de distribución actual das vacinas?
- Un paso adiante cara unha distribución correcta.
- ¿Cómo podemos axudar ó organismo das pombas fronte a vacinación?

A VERDADE SOBRE AS VACINAS.

○ **¿Cómo funciona unha vacina?**

Unha vacina é simplemente un xeito artificial e vixiada de desencadear un proceso frecuente na natureza, pero non sempre controlado. Vexamos, moi superficialmente, cómo.

Os linfocitos son células linfáticas cun papel destacado na reacción inmunitaria.

Un antígeno é todo tipo de substancias que o organismo reconece como estrañas, activando as reaccións inmunitarias precisas pra controlalo ou eliminalo.

Todo linfocito recentemente orixinado na médula ósea e liberado ó organismo coñécese como **linfocito virxe**, ata que entra en contacto cun antígeno presente no corpo dividíndose entón en 2 tipos celulares:

- **Linfocitos activados.** Actuarán directamente contra o antígeno iniciando o ciclo de produción de anticorpos, moléculas cunha capacidade pra interactuar co antígeno.
- **Células de memoria.** Permanecen “almacenadas” no organismo ata futuros ataques do mesmo antígeno que as creou. Deste xeito, o organismo está xa inmunizado e preparado de cara futuros contactos con ese antígeno e será capaz de provocar unha resposta máis eficaz, xa que as células de memoria son capaces de producir, directamente, linfocitos activados como os orixinais e máis células de memoria.

Unha vacina serve pra poñer ó organismo en contacto cun novo antígeno, en maior ou menor medida incapacitado, evitando o proceso infeccioso. Cando o sistema inmunitario detecta este antígeno “impedido”, desátase a diferenciación dos linfocitos quedando o organismo previsto de cara futuros encontros naturais co antígeno capacitado.

○ **¿As vacinas son medicamentos?**

Non, unicamente outorgan ó organismo protección contra futuras enfermidades, mentres que as menciñas serven pra tratar ou solucionar enfermidades cando xa as padece o organismo.

○ **¿En qué se diferencian as vacinas dos antibacterianos?**

Os antibacterianos solo aseguran que unha vez concluída a súa administración, o organismo está libre da enfermidade pra a que están indicados. Pero non prevenen que esta poida volver a infectar ó organismo nun futuro.

Pola contra as vacinas non curan un proceso infeccioso en curso, e en certos casos a súa administración durante un podería resultar fatal pro individuo. O seu uso enfócase á inmunización do organismo, pra que non poidan afectalo certas enfermidades.

○ **¿En qué se diferencia unha vacina con virus vivo dunha con virus inactivo?**

Unha “vacina viva” contén realmente un virus vivo, aínda que atenuado de xeito que ofrezca unha baixa patoxenicidade. Ó inocular este tipo de vacinas, realmente estamos infectando ó individuo cun antígeno pero nun marco relativamente controlado. Este virus actuará como os demais, infectando todo tecido próximo, ata que sexa interceptado por un linfocito virxe que desatará a resposta inmunitaria.

Unha “vacina inactiva” está constituída por un virus morto e un aglutinante aceitoso. Ó inoculala non estamos infectando ó organismo, aínda que si ofrecemos a presenza dun antígeno inofensivo pra a creación dos seus anticorpos específicos.

○ **Vacina con virus vivo vs. Vacina con virus inactivo.**

Con cada dose de “vacina viva” estamos inoculando no individuo un axente potencialmente infeccioso. Unha manipulación incorrecta da vacina pode poñer en risco a saúde das pombas.

Unha “vacina inactiva” contén un virus morto, polo que a infección vólvese nula. Pero o aditivo que aglutina a vacina, faina moi dolorosa e pode causar lesións na zona da inoculación. Por iso adoita desaconsellarse a súa aplicación intramuscular.

○ **¿Cómo debe procederse durante a vacinación?**

Antes de inocular, deixaremos que a temperatura da vacina se achegue á do ambiente.

É aconsellable usar unha agulla pra extraer líquido do frasco e outra pra inxectalo nas pombas.

Usaremos solo agullas e xiringas estériles, e xa que é difícil usar unha agulla pra cada pomba, procuraremos desfacernos da agulla das inxeccións periodicamente pra reducir posibles contaxios. Unha pistola de vacinacións axiliza notablemente o proceso en todos os sentidos unha vez que nos acostumamos ó seu uso, non hai que cambiar de xiringas ou reenchelas continuamente, non hai que preocuparse do volume inoculado (sempre será o marcado). De tódolos xeitos, tamén é aconsellable renovar as agullas con regularidade.

A inoculación será hipodérmica na parte posterior e media do pescozo, lugar de difícil acceso pra as pombas, ademais de ser a mellor entrada posible á vía subcutánea sen comprometer órganos vitais no proceso. Realizaremos a inxección en dirección á base do pescozo.

Vixiaremos o estado da colonia os 2 días posteriores á vacinación.

○ **¿É correcta a forma de distribución actual das vacinas?**

Non, se tomamos como exemplo o xeito no que as vacinas chegan ó columbófilo hoxe en día.

Toda vacina ten indicada unhas temperaturas máximas e mínimas de almacenaxe e transporte. No caso concreto da Colombovac (PMV/POX) son entre +2 e +8° C. Si se obvian, ponse en risco a eficacia do produto e polo tanto a da vacinación. Se unha vacina se saca da cadea de frío máis tempo do especificado, pode acabar por volverse inservible ou ata inestable, co problema sanitario e económico engadido. E isto repercute finalmente no columbófilo e as pombas.

○ **Un paso adiante cara unha distribución correcta.**

Parece un xeito correcto de conseguir vacinas, e así é, obtelas a través de farmacias. Dispoñen de procedementos que aseguran a cadea de frío e levan a vacina a calquera farmacia preto do columbófilo. Desgraciadamente, (este ano 2009 a C. de Sanidade informouse ó respecto) este medio chega a incrementar o prezo das vacinas en máis do dobre. Polo que queda totalmente descartado.

A saída que nos queda é facer fronte común e esixir unha distribución segura por parte dos nosos organismos federativos. Deberíamos saber qué parámetros manexa o fabricante como óptimos fora da cadea de frío, tempo máximo de resistencia sen alteración á temperatura ambiente, etc.

Unha vez coñecidos, asegurar que se cumpren. Reivindicar un reparto en caixas isotérmicas no menor tempo posible. Testemuñas colorimétricas dentro desas caixas, que son baratas e dan fe de si se obviaron ou non os parámetros marcados en toda a viaxe de reparto.

○ **¿Cómo podemos axudar ó organismo das pombas fronte á vacinación?**

Se antes e despois da inoculación lles administramos un complexo vitamínico rico en vitamina A, podemos axudar ó organismo á hora de producir anticorpos. Podemos administrala en doses de produtos comerciais, ou a través de produtos naturais como as cenorias, follas de leituga, repolo, etc. Do mesmo xeito, a remolacha demostrou ser un potente inmunoestimulante, grazas sobre todo ó seu alto contido en carotenos.

Nos días posteriores á vacinación tentaremos evitarlles as situacións de estrés, cambios de temperatura, esforzos prolongados, etc.

Autor:

- Carlos Padín Cores

Revisión:

- Xosé Pereiro Francés

<http://fcolombofilagalega.spaces.live.com>

